

ORIENTACIÓNS PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE ANÁLISE DE TEXTO

Previamente a calquera actividade analítica, cómpre unha lectura atenta, que se recomenda acompañar de subliñado.

1. Síntese.

1.1. Tema (ou idea fundamental). Exponse nunha oración non longa (sobre unha liña ou liña e media) e debe recoller a idea que integra e dá coherencia a toda a información.

1.2. Esquema de ideas. Enumeración das ideas e conexión xerárquica entre elas. Cada idea principal encabeza un apartado, que se completa coas secundarias relacionadas (pode haber unha ou varias de cada, depende da estrutura do texto). Son útiles as chaves ou as cifras ou calquera fórmula que permita distribuír espacialmente as ideas e favorecer a percepción visual da organización do contido do texto. Para os textos expositivo-argumentativos, pode axudar saber cales son as estruturas máis comúns: *analizante ou inductiva* (tese+argumentos), *sintetizante ou deductiva* (argumentos+tese), *encadrada* (tese+argumentos+tese), *paralela* (varias teses relacionadas entre si pero sen xerarquización), *interrogante* (preguntas e respostas), etc.

1.3. Resumo. Resumir é construír cunha linguaxe propia un parágrafo de extensión considerablemente inferior á do texto (para os do exame, sobre 4-5 liñas) no que se recolle a información fundamental, sen detalles nin exemplos nin anécdotas. No caso dos textos argumentativos débese desvelar a tese e, brevemente, a liña argumental que conduce ata ela. A posibilidade de resumo descansa no suposto de que os textos teñen unidade e coherencia e o seu valor principal é a economía, a capacidade de recoller moita información con precisión e claridade, evitando redundancias e explicacións, así como referencias do tipo "o autor deste texto afirma" ou "o texto que imos comentar defende". **Non** se debe facer tampouco: considerar fundamental o periférico; repetir as ideas (aínda que o texto o faga); expor as ideas soltas; incluír interpretación valorativa ou opinión; ou reproducir parte do texto.

2. Comentario crítico.

Comentar consiste en proxectar a nosa personalidade sobre o texto tras unha lectura perspicaz, percibindo intencións, proximidades, etc. Debemos contextualizar e valorar criticamente as ideas a través dalgunha destas operacións:

LOCALIZACIÓN: relacionámolas coa área ou áreas do saber a que corresponden ou cos ámbitos de creación ou dedate nos que xorden, consideramos o tema en relación coas preocupacións actuais, comentamos a intencionalidade...

ACLARACIÓN ou EXPLICACIÓN: pódense desenvolver as ideas do texto, explicitalas para facelas máis intelixibles, pero sen transformalas.

RELACIÓN: debemos conectar o que o texto di cos nosos coñecementos e experiencias (do tema) para extraer da conexión novas ideas e argumentos.

APRECIACIÓN: podemos valorar o grao de validez dos argumentos do texto e opinar sobre o contido, relacionándoo coa nosa ideoloxía e coa nosa postura persoal.

Ollo, **non** se pode tomar o texto como pretexto (e falar só dunha idea secundaria ou doutros temas) nin facer unha paráfrase (poñer con outras palabras exactamente as mesmas ideas do texto).

Tede en conta tamén que se valora moito a claridade e corrección expresiva.

Exemplificación

Á parte das páxinas 460-1 do libro de texto, pode servir o seguinte modelo.

Imos contalo outra vez: un xinecólogo chamado Saenz de Santamaría ingresou en prisión por practicar un aborto a unha nena de catorce anos que viña sendo violada dende os oito polo seu tío. Parece que temos unha lei minusválida que despenaliza o aborto en caso de violación. Pero agora resulta que o que padeceu a nena durante eses seis anos de horror non foi unha violación continuada, senón un estupro repetido. Iso di a lei. Polo

visto, a distancia entre unha violación e un estupro está marcada polo grao de resistencia da vítima. Ou sexa, que a nena non se defendeu como debía daquel adulto de cincuenta anos que a ameazaba de morte se lle contaba a alguén o que estaba pasando.

Agora a Fiscalía de Málaga négase a redactar un informe favorable ao indulto para este xinecólogo que pensa que o corpo da muller é algo máis ca un mero receptor da violencia do macho. Ignoro se o Goberno precisa dese informe para indultalo; en calquera caso, a discusión sobre estes temas de burocracia legal non serve máis que para encubrir o horror que late no fondo do asunto. Dende os oito aos catorce anos esta nena foi relegada á categoría de cousa, de obxecto, de asunto sexual, por un home que dispoñía dela como outros dispoñen dunha moneca inchable. Teremos que lle explicar ao Goberno, último responsable de que Saenz de Santamaría continúe no cárcere, a diferenza entre un peluche e un ser humano? Semella que si, a xulgar por este e outros acontecementos recentes.

Non nos interesan as discusións entre Leopoldo Torres e a Fiscalía de Málaga: só serven para que nos habituemos ao horror. Levan 10 anos gobernando, 10; fagan leis intelixentes, aplicables, e indulten a ese home antes de que o estupren no cárcere.

Artigo do ano 1991

[Fixádevos no subliñado]

1. Precísase unha nova lei do aborto que ampare as vítimas de todo abuso sexual e os xinecólogos que as tratan.

2. 1. É incuestionable o dereito ao aborto dunha nena de catorce anos que era violada dende os oito por un tío seu.

1.1. Os xuíces consideran que non é caso de violación, senón de estupro.

1.2. O médico que lle practicou o aborto foi condenado e ingresou en prisión.

2. O Goberno, último responsable, debe facer outra lei máis ampla e indultar o médico.

2.1. A actual Lei do aborto é deficiente, pois non resolve casos coma este.

2.2. Na discusión esquécese o horror e sufrimento da nena forzada.

3. Un xinecólogo foi encarcerado por realizar un aborto a unha nena que fora forzada sexualmente por un tío seu durante sete anos. Porén, para os xuíces é un caso de estupro porque consideran que non se resistira. Diante do sufrimento e humillación da nena, é obrigado superar polémicas encubridoras, solicitar unha Lei do aborto máis intelixente e indultar o médico.

4. O texto parte de tres feitos concretos que se relacionan por unha sentenza xudicial que despraza unha violación a estupro e, dese xeito, desampara o aborto e leva o médico responsable ao cárcere. Agora ben, a opinión do autor case non se argumenta, senón que se desenvolve por vía literaria, emotiva, creando unha rede de sentido favorable á vítima e a quen a apoiou, e mais por medio do cuestionamento da razón dos xuíces e da responsabilización do Goberno. Non están presentes, así, argumentos que estearían o resultado expositivo, como a aplicación deficiente da Lei do aborto na estrutura sanitaria ou a non modificación do código penal neste punto.

Considero plenamente acertada a condena aos xuíces, a sociedade hipócrita e o Goberno. Eu iría máis lonxe: o aborto ante un embarazo que non se desexa é responsabilidade da muller, pois é ela a que vai cargar coas consecuencias. Eu preferiría unhas leis máis avanzadas que lle permitiran á muller abortar sen dar contas a ninguén. Así non se producirían casos como o presentado, que certamente é raro, mais existen.

[O anterior é unha guía que cumpriría completar. Tamén tede en conta que toda opinión argumentada é aceptable no comentario]

Lingua galega e literatura

COMENTARIO CRÍTICO (Ampliación)

Lembre as notas xa achegadas sobre este punto analítico sempre presente nos exames e nas PAAU. En síntese: a) localización ou situación do texto + b) aclaración ou explicación das ideas + c) relación ou conexión cos nosos coñecementos + d) apreciación ou grao de validez segundo a nosa postura. Ou máis brevemente: explicar e enxuizar. Sempre coa finalidade de demostrar unha boa capacidade crítica (madureza intelectual: emisión de opinións fundamentadas) a través dunha coidada expresión lingüística (madureza expresiva: corrección, fluidez...).

A seguir ofrécense algunhas claves para realizar este proceso, mais tede en conta que non se trata de empregar clixés memorizados. A formación sobre temas de interese universal ou de actualidade -e, daquela, a lectura frecuente de columnas xornalísticas, editoriais, etc.- e máis a práctica de comentario continua, non reducida aos exames, son as mellores bases para acadar unha boa competencia. Canto máis rico sexa o voso "mundo", mellor sairá o comentario. E é máis difícil apre(he)nder esta orientación teórica que a propia práctica.

Partimos do anterior, pero reducíndoo a tres pasos:

1. Localización ou encadre.

Servirá de introducción e ocupará un breve parágrafo. Nel, se é posíbel, darase conta das particularidades do autor en relación co texto e clasificarase este segundo a forma de elocución (exposición, argumentación, descrición, narración ou diálogo) e a súa natureza (xornalístico, literario, científico...). Tamén se intentará relacionar a temática cunha determinada área do saber ou co ámbito de creación ou debate no que xorde.

Nas PAAU soen poñer textos literarios (fragmentos de obras) ou xornalísticos (artigos). E o comentario ás veces solicítase só respecto dun fragmento.

2. Aclaración ou explicación.

Convén logo aclarar a idea central e as consecuencias que dela se poidan derivar, explicitar a intención que se persegue co texto e perfilar a ideoloxía subxacente ou manifesta. Para isto, cumprirá botar man da asociación, é dicir, relacionar o contido do texto cos nosos coñecementos ou, en todo caso, coas nosas intuicións e experiencias, atendendo ao qué se entende por, ao como, cando ou por que. Tamén se poden comentar moi sucintamente, se as houber, algunhas fórmulas lingüísticas do texto que apoiem o dito. Para encarrear esta análise, poden ser útiles, entre outros, os conectores de topicalización (*en canto a, verbo de, polo que se refire a*, etc.) e consecuencia.

3. Relación e apreciación.

Son operacións xa claramente subxectivas, pero que deben estar suxeitas á argumentación para establecer un xuízo coherente e matizado. Podemos apoiarnos en cuestións previas, preguntas clave que orienten o comentario. Para facer algo disto:

- » poñer de relevo as vaguidades, imprecisións ou contradicións do texto (sen forzar);
- » achegar argumentos non empregados e que poden ser válidos para apoiar o que é substancial;
- » rebater ou contraargumentar;
- » valorar a orixinalidade, transcendencia ou actualidade das ideas;
- » confrontar coa nosa propia escala os principais valores (solidariedade,

autenticidade...) presentes no texto.

Para inserir matizacións, establecer novas conexións, introducir datos restrictivos, reformular ideas ou recapitular, seguramente teñamos que empregar conectores de dúbida (*se cadra*, etc.), intensificación ou adición (*en efecto, é máis*, etc.), consecuencia (*así pois, polo tanto*, etc.), oposición ou contraste (*pero, en cambio, agora ben*, etc.), atenuación (*en calquera caso, de todos os xeitos, con todo*, etc.) e tamén de conclusión (*xa que logo, en definitiva*, etc.)

- »»» En consecuencia co anterior, NON se debe:
- (§) expresar impresións persoais de agrado ou rexeitamento sen xustificar
 - (§) realizar afirmacións sen fundamento
 - (§) facer un "longo resumo" ou paráfrase
 - (§) empregar o texto como pretexto para tratar o que é tanxencial ou para desenvolver un tema de teoría
 - (§) presentar un inventario de aspectos inconexos
 - (§) entender crítica simplemente como censura
 - (§) abusar da análise da expresión ou realizala sen ter en conta o contido
 - (§) redactar de xeito confuso, o que revelará unha organización mental deficiente
 - (§) expresarse a través de coloquialismos, frases feitas e metáforas manidas...

-----EXEMPLIFICACIÓN-----

Auga, entre o dereito á vida e o negocio do século

En 25 anos, dous terzos da poboación mundial non terá auga potábel. E os países máis poderosos xa se están preparando para esta escaseza estratéxica. Pero por agora ninguén se propón cuestionar o sobreconsumo do mundo desenvolvido. Que unha parte do planeta consuma 20 veces máis cá outra, e que un cidadán de Estados Unidos empregue unha media de 600 litros diarios cando debería usar 50, mentres moitos en África non chegan a 20, non parece ser ningún problema. Os ollos dos estrategas do sistema van cara a outra parte. Están fixados na existencia de concentracións acuíferas en diversas partes do globo e en evitar que este recurso se poida converter nun factor de forza para os países que as conteñen. Porque unha OPEP da auga potábel sería peor cás armas de destrución masiva que tanto atemorizan o imperio e as sociedades da abundancia. Contra iso estase loitando anticipadamente. E entre os mecanismos que se puxeron en marcha, o máis importante de todos é a privatización.

Hai un interese moi grande por mercantilizar a auga; borrar a idea de que se trata dun dereito de xentes e unha obriga estatal o provelo; favorecer a suba das tarifas ata lograr que se establezan cotizacións internacionais; desenvolver sistemas de transportabilidade internacional do produto (tuberías transfronteirizas, colectores, buques cisterna, etc.); en poucas palabras, impulsar o mercado global da auga, no que manda o que máis pode pagar e no que os que negocian son axentes privados na procura do lucro inmediato.

Alguén afirmou que gobernar era estender a rede de auga potábel para a xente. É unha maneira de dicilo. Unha nación que recibe a auga que necesita e que a ten asegurada a longo prazo é máis seguro que se atope alimentada, instruída e protexida na súa saúde. Certamente, hai unha íntima convicción entre os pobos que teñen sentido dos seus dereitos de que o tema da auga é un asunto de vida ou morte. Ninguén fica tranquilo cando lle contaminan os ríos ou lle negan o servizo que xa tiña. Coa auga non se xoga. E este foi sempre un tema entre o Estado e os cidadáns.

En efecto, a privatización distorsiona todo o problema, ao colocar responsábeis privados na posición de vendedores dun produto esencial que ofrecen a aqueles que o poden pagar, nas condicións que os primeiros queiran ofertar. O dereito cidadán transfórmase en dereito de consumidor, que son conceptos profundamente diferentes. O primeiro entraña o poder contar co produto (obriga estatal), a

súa protección (non agotar as fontes, renóvalas e acrecentalas) e a capacidade da sociedade para demandar un mellor servizo público; mentres que o segundo se remite ao cumprimento do contrato pactado ata os límites que a empresa fixe por incapacidade operativa ou insolvencia.

A idea sempre discutíbel de que o mercado establece os seus equilibrios e ordena a relación entre ofertantes e consumidores, é probadamente falsa cando se trata do monopolio da auga. Se a condución é estatal, o control e a democratización poden proxectarse ao plano político, pero se é privada non só queda aplastado o cidadán corrente, senón que se aplanan as vontades estatais. Chomsky di que a privatización é unha operación contra a democracia. E isto é aínda máis certo cando se trata da administración de auga potábel. Quen controle este recurso ten demasiado poder.

Raúl A. Wiener (adaptación)

Modelo (entre outros posibles) de comentario crítico

[1] Dende o propio título ata a súa estrutura sintetizante parcialmente repetitiva, todo indica que se trata dun texto argumentativo -con trazos expositivos no inicio contextualizador- centrado nos intereses e perigos da privatización da auga potábel. O estilo asertivo, a presenza de conectores de intensificación e de contraste, as citas de autoridade ou o manexo de datos precisos tirados de estudos (non referenciados), así o confirman. É seguramente un texto xornalístico (ou ben ensaístico), situado no ronsel esquerdista do cuestionamento da cesión á empresa privada da xestión de servizos públicos (enerxía, comunicacións...) potenciada na década anterior. Neste caso, adiantándose ao que se albisca como mercantilización plena dos bens comunitarios libres.

[2] *Neste sentido*, apréciase con claridade a intención do autor de poñer en alerta ante un futuro preocupante e aínda máis trágico para boa parte da poboación mundial, espertando a conciencia do cidadán respecto dos novos afáns de lucro e espoliadores do capitalismo neoliberal dominante. Para iso, o texto enmarca a cuestión clave -qué supón a privatización- no actual contexto planetario e intenta evidenciar, non sen didactismo, como e por que se mercantiliza a auga.

É innegábel que as institucións financeiras (Banco Mundial, Fondo Monetario Internacional, etc.), un dos pés da orde global contemporánea xunto co G-7 e as empresas transnacionais, están impoñendo as políticas neoliberais e direccionando as economías, especialmente as endebedadas do denominado terceiro mundo para que as reformas do tipo da privatización da parcela pública se convertan en mecanismos de aval ante os acredores, baixo o suposto de que esas medidas permitirán cumprir coa débeda. No caso da auga potábel, recítase e promóvese a transferencia a xestores privados (só unha decena se nos referimos a compradores de magnitude: Vivendi, Nestlé...), á vez que se impulsa o mercado a gran escala ou a elevación das tarifas. Esta é a política que lle interesa ao gran capital, en contra da do aforro, a equidade, a autoxestión ou o desenvolvemento de tecnoloxías que incrementen as reservas.

Neste marco, semella máis que necesario o mantemento da consideración da auga como un ben público. Consideralo un recurso "naturalmente" escaso e apropiábel é aceptar o xogo dos poderes económicos, interiorizar a lei do máis forte, obviar a posibilidade de controlar a demanda e limitar os usos dilapidadores, crear falsas expectativas de dispoñibilidade. *En consonancia con iso*, a participación social na súa xestión é imprescindible; cada territorio ten os seus problemas específicos, e nalgúns casos hai falta de auga para usos de subsistencia, noutros cómpre afrontar o deterioro do medio hídrico e en non poucos a sobredemanda por actividades empresariais, agrícolas ou domésticas. Deberán ser, logo, os axentes de cada realidade local ou nacional quen decidan cales son as necesidades, como garantir as coberturas e calidades, etc. Se non, caerase no mercadeo, na reserva a quen poida pagar un alto prezo, no desarmamento fronte escasezas futuras.

[3] *Así e todo*, debemos preguntarnos polos límites. Máis en concreto: ata onde chega o deseño de dominio mundial a través das fontes de recursos naturais vitais aquí presentado? Pode ser nalgúns casos aceptábel a privatización de tales recursos? E tamén, non deberíamos considerar toda auga, non un simple recurso, senón parte fundamental da dinámica ecosistémica e mesmo dos valores culturais e, daquela, un ben totalmente á marxe de intereses económicos?

Respecto da primeira cuestión, concordo co autor na perspectiva non inocente diante do funcionamento da política (?) económica mundial, só hai que lembrar os crús intereses dos dirixentes estadounidenses nas dúas guerras do Golfo agochados tras demonizacións e groseiras mentiras. *De feito*, hai diversos tratados internacionais (como os de Libre Comercio, impulsados polos citados BM e FMI) que tentan garantir a presenza das empresas transnacionais no que fica do sector público, reforzando o modelo neoliberal. E tras os minerais e os combustíbeis fósiles, preténdese controlar boa parte da auga potábel (e mesmo o clima), reducíndoa e apoderándose de mananciais, ríos, lagos e glaciares, o que lles reportaría un enorme poder e capacidade de influencia nos gobernos ás familias potentadas e a certos Estados. É o que está a facer agora EEUU na conca do Amazonas, por exemplo.

Agora ben, que haxa unha planificación estratéxica non quere dicir que ese sexa o futuro que nos agarda. Cómpre contar coa capacidade de presión da poboación, en especial da que vai ser sometida á penuria alimentaria, sanitaria, etc., e coa actuación dos gobernos progresistas e revolucionarios que reforzan a cobertura estatal.

En canto á admisión de certos casos, temos experiencias no noso contexto occidental de servizos municipais da auga parcialmente privatizados, así como as augas minerais, pero están moi lonxe desas pretensións usurpadoras dos contidos e de impacto nos usuarios ao ser alterada a factura polos custos da mercantilización, as previsións de investimento e un sistema tarifario determinado pola rendibilidade dos operadores internacionais. *É máis*, se fracasa a privatización e se recupera a titularidade pública, as empresas demándanlle ao Estado unha compensación que inclúa as súas expectativas de rendibilidade. Unha verdadeira administración privada, que é o que se persegue, sería ademais refractaria a unha xestión compartida coa sociedade civil. *Por todo o cal*, non nos podemos deixar enganar por sucedáneos aparentemente inocuos.

A terceira cuestión xa se contesta a si mesma. Calquera tipo de auga trascende o concepto de recurso: é un ben público universal e permanente, de interese xeral, que cumpre funcións básicas relacionadas cos equilibrios ecolóxicos e cos valores e simbolismos culturais, por enriba dos seus usos productivos. *Xa que logo*, hai que desenvolver todo un código ético que respecte o medio, evite os custos (pecuniarios, naturais, patrimoniais) de explotacións, encoros e trasvases e, por suposto, as especulacións. Unha nova cultura da auga que teñen que asumir propietarios e xestores, públicos e privados. E que exclúe a privatización a gran escala, comezando pola auga potábel.

En todo caso, o desacougo que produce a percepción social do texto, estimábel e de permanente actualidade, non nos permite ser moi optimistas. Xa en 1968 a Carta europea da auga recollía boa parte das reivindicacións sociais e ecoloxistas. Pero a lexislación parece que pesa menos cás ambicións duns poucos.